

## **ANEXO I. DECLARACIÓN RESPONSABLE E AUTORIZACIÓN ANTIPLAXIO**

### **V PREMIO A TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN FERNANDO VIÑUELA SOBRE NEURORRADIOLOXIA INTERVENCIONISTA**

Nome e Apelidos:	DNI/NI:
Correo electrónico:	Teléf.:
Universidade:	
Título do traballo:	
Titor/a/Director/a:	

#### **DECLARACIÓN RESPONSABLE**

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

- Que todos os datos reflectidos na solicitude son certos, podendo ser requeridos polo xurado do premio en calquera momento do procedemento para a súa comprobación.
- Que o traballo presentado é orixinal e inédito e non obtivo ningún premio con anterioridade.
- Que non incorro en ningunha das circunstancias establecidas no artigo 10º da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, que impidan ter a condición de beneficiario/a.

#### **AUTORIZACIÓN PROGRAMAS ANTIPLAXIO**

- Autorizo someter o traballo a programas antiplaxio (agás defensa na USC)

E para que conste e para os efectos oportunos, asino este documento o .....  
de ..... de 2024.

Sinatura .....

\* **Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:** Artigo 10.-Requisitos para obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora.

1. Poderán obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora as persoas ou entidades que se atopen na situación que fundamenta a concesión da subvención ou nas que concorran as circunstancias previstas nas bases reguladoras e na convocatoria.

2. Non poderán obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora das subvencións reguladas nesta lei as persoas ou entidades nas que concorra algunha das circunstancias seguintes, salvo que pola natureza da subvención se exceptúe pola súa normativa reguladora:

a) Ser condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.

b) Solicitar a declaración de concurso, ser declarados insolventes en calquera procedemento, acharse declarados en concurso, salvo que neste adquise a eficacia un convenio, estar suxeitos a intervención xudicial ou ser inhabilitados conforme a Lei concursal, sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

c) Dar lugar, por causa da que fosen declarados culpables, á resolución firme de calquera contrato subscrito coa administración.

d) Estar incursa a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que exerzan a representación legal doutras persoas xurídicas nalgún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.

e) Non acharse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social ou ter pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nos termos que regulamentariamente se determinen.

f) Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.

g) Non acharse ao corrente de pagamento de obrigas por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determine.

h) Ser sancionado mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo esta lei ou a Lei xeral tributaria.

Non poderán acceder á condición de beneficiarios as agrupacións previstas no segundo parágrafo do apartado 3 do artigo 8 desta lei cando concorra algunha das prohibicións anteriores en calquera dos seus membros.

3. En ningún caso poderán obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora das subvencións reguladas nesta lei as asociacións incursas nas causas de prohibición previstas nos apartados 5 e 6 do artigo 4 da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

Tampouco poderán obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora as asociacións respecto das que se suspendeu o procedemento administrativo de inscrición por atoparse indicios racionais de ilicitude penal, en aplicación do disposto no artigo 30.4 da Lei orgánica 1/2002, en tanto non recaia resolución xudicial firme en cuxa virtude poida practicarse a inscrición no correspondente rexistro.

4. As prohibicións contidas nas letras b), d), e), f) e g) do apartado 2 e no apartado 3 deste artigo apreciaranse de forma automática e subsistirán mentres concorran as circunstancias que, en cada caso, as determinen.

5. As prohibicións contidas nas letras a) e h) do apartado 2 deste artigo apreciaranse de forma automática. O alcance da prohibición será o que determine a sentenza ou resolución firme. Na súa falta, o alcance fixarase de acordo co procedemento determinado regulamentariamente, sen que poida exceder de cinco anos no caso de que a prohibición non derive de sentenza firme.

6. A apreciación e o alcance da prohibición contida na letra c) do apartado 2 deste artigo determinaranse de acordo co establecido no artigo 21, en relación co artigo 20.c) do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño.

7. A xustificación por parte das persoas ou entidades de non estar incursos nas prohibicións para obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora, sinaladas nos apartados 2 e 3 deste artigo, poderá realizarse mediante testemuño xudicial, certificados telemáticos ou transmisiones de datos, de acordo co establecido na normativa correspondente ou mediante certificación administrativa, segundo os casos. O dito documento poderá ser substituído por unha declaración responsable.